

HISTORIA DE ESPAÑA. 2009

*Os seguintes documentos serven de base para a realización dunha composición sobre a **desamortización**, que xunto con outras medidas (abolición do réxime señorial, desvinculación dos morgados...) conforman o que podemos considerar en conxunto a reforma agraria liberal. Os tres primeiros documentos explicitan o tipo de bens afectados por cada medida desamortizadora, expoñendo o primeiro deles os obxectivos que se pretenden acadar. Os dous últimos textos son valoracións do proceso desamortizador no seu conxunto feitas na época actual por historiadores, que deben axudarche a facer un balance do mesmo, pois o primeiro deles (Doc.4) céntrase nos resultados sociais da desamortización, mentres o segundo (Doc.5) atende sobre todo aos efectos financeiros e económicos.*

Doc.1.-Desamortización de Mendizábal (1836):

“Señora: vender a masa de bens que viñeron ser propiedade da nación non é tan só cumprir unha promesa solemne e dar garantía positiva á débeda nacional por medio dunha amortización exactamente igual ao produto das rendas; é abrir unha fonte abundantísima de felicidade pública, vivificar unha riqueza morta, desobstruír as canles da industria e da circulación, apegar ao país polo amor natural e vehemente a todo o propio, anhear a patria, crear novos e firmes vínculos que liguen a ela; é, en fin, identificar co trono excelso a Isabel II, símbolo da orde e da liberdade (...), crear una copiosa familia de propietarios (...).

Art. 1. Quedan declarados en venda desde agora tódolos bens raíces de calquera clase que pertencesen ás comunidades e corporacións relixiosas extinguidas”.

Doc.2.-Desamortización de Espartero (1841):

“Art. 1. Tódalas propiedades do clero secular (...) son bens nacionais (...).

Art. 3. Decláranse en venda tódalas propiedades, dereitos e accións do clero catedral, colexial, parroquial, fábricas das igrexas e confrarías”.

Doc.3.-Desamortización de Madoz (1855):

“Art. 1. Decláranse en estado de venda (...) tódolos predios rústicos e urbanos, censos e foros pertencentes: Ao Estado. Ao clero. Ás Ordes Militares (...). Ás confrarías, obras pías e santuarios (...). Aos propios e comúns dos pobos. Á beneficencia. Á instrución pública e calquera outros pertencentes a mans mortas, xa estean ou non mandados vender por leis anteriores”.

Doc.4.-O xurista e historiador Francisco Tomás y Valiente axuíza así a desamortización:

“En suma: que a desamortización municipal se cadra non debeu facerse e que a de bens eclesiásticos e outras “mans mortas” non debeu facerse como se fixo. Pero toda a burguesía, mesmo a de esquerdas, quixo desamortizar, e por conseguinte a desamortización foi un feito consumado (...).

Tamén considero innegable que o sistema desamortizador preferible en función do logro duns beneficios xerais, non debeu ser o de Mendizábal e Madoz (isto é, o do partido progresista), senón o aconsellado no seu día por Flórez Estrada (...). Este era o único capaz de facilitar a creación dunha clase media rural de pequenos propietarios, coa que se estabilizaría no noso país o réxime liberal, e se enchería o baleiro entre o latifundista e o braceiro”.

Doc.5.-O historiador Josep Fontana exprésase do xeito seguinte:

“Para que serviu a desamortización? Desde o punto de vista do goberno a resposta é relativamente sinxela.

Na etapa de Mendizábal, para salvalo da bancarrota e axudarlle a gañar a guerra civil. Na da chamada lei Madoz, para financiar a construción da rede ferroviaria. Penso que a medida exacta en que estas vendas redundaron en proveito do Estado non debe minimizarse.

ORIENTACIÓNS	<p>* A reforma agraria liberal: conxunto de medidas lexislativas levadas a cabo polos gobernos liberais que afectaban á propiedade da terra.</p> <ul style="list-style-type: none"> • Obxectivos desta reforma: <ul style="list-style-type: none"> ○ Eliminar os obstáculos xurídicos que impedían o desenvolvemento da agricultura. ○ Converter a terra en propiedade privada, libre e absoluta • Medidas levadas a cabo: <ul style="list-style-type: none"> ○ Abolición do réxime señorial ○ Desvinculación dos morgados ○ Suprimir as servidumes colectivas ○ Suprimir o décimo e outros tributos agrarios ○ Autorizar a liberdade de cultivos, o cerramento dos campos e a libre compravenda das terras ○ Desamortizar as terras eclesiásticas, de propios e comunais • As desamortizacións: <ul style="list-style-type: none"> ○ Antecedentes: Cortes de Cádiz, Trienio Liberal ○ No reinado de Isabel II: ○ Tipo de bens afectados ○ Obxectivos das leis desamortizadoras • Valoración do balance do proceso desamortizador: • Consecuencias sociais • Consecuencias financeiras e económicas • A especificidade da desamortización en Galicia
---------------------	--

DOCUMENTOS	CUESTIÓNS A DESENVOLVER
Desamortización de Mendizábal, 1836	<ul style="list-style-type: none"> -Contexto político: revolución de 1835-36. Guerra carlista. Rexencia de María Cristina -Obxectivos: recadar diñeiro para financiar a guerra e castigar ao clero regular, que apoiaba ao carlismo -Bens afectados: bens do clero regular (mosteiros e conventos, ordes relixiosas) -Consecuencias: políticas, económicas, sociais e artísticas (patrimonio arquitectónico especialmente)
Desamortización de Espartero, 1841	<ul style="list-style-type: none"> -Contexto Político: rexencia de Espartero -Obxectivos: financiar a débeda do Estado -Bens afectados: bens do clero secular (parroquias e bispados) -Consecuencias: políticas, económicas e sociais -Paralización do proceso. Concordato de 1851
Desamortización de Madoz, 1855	<ul style="list-style-type: none"> -Contexto Político: Bienio Progresista -Obxectivos: recadar diñeiro para financiar o ferrocarril -Bens afectados: bens comunais e de propios (concellos) -Consecuencias: políticas, económicas e sociais
Valoración de F. Tomás y Valiente	<ul style="list-style-type: none"> -Valoración política -Valoración social: beneficiarios e prexudicados
Valoración J.Fontana	<ul style="list-style-type: none"> -Valoración económica
CONCLUSIONES	<p>-A desamortización isabelina foi a principal medida da reforma agraria liberal en España, pero é valorada de forma diferente polos historiadores. En xeral valórase o éxito como medida económica para a Facenda pública, como medio de ingresos coa que facer fronte a problemas bélicos, financiar a construción da rede ferroviaria e evitar unha posible bancarrota do Estado, aínda que posiblemente se puido recadar moito máis que se ingresou polo deficiente sistema de poxa establecido. Pero as valoracións difiren nas consecuencias sociais e políticas. En liñas xerais, non aumentaron, na medida do esperado, os pequenos propietarios que estaban chamados a ser a base social do réxime liberal e as consecuencias da desamortización civil foron especialmente negativas para o campesiñado máis pobres que se beneficiaba das propiedades comunais.</p> <p>A singularidade da desamortización galega, pola existencia dos foros, permitirá, a longo prazo, unha silenciosa revolución que, tras a redención dos foros, permita a posesión da terra aos antigos foreiros, creando así un grupo social numeroso e propietario das terras que traballaba.</p>

CRITERIOS DE AVALIACIÓN/CORRECCIÓN

- A desamortización, o seu significado e a súa importancia no conxunto das medidas que configuran a reforma agraria liberal.
- Os distintos bens afectados.
- Obxectivos financeiros, socioeconómicos e políticos.
- Resultados neses mesmos ámbitos.
- É pertinente, pero non esixible, facer algunha referencia ás peculiaridades da desamortización en Galicia: transferencia de rendas, non de propiedades, no caso da eclesiástica, e fracaso da lei Madoz.